

Música, naturalmente



Lendas douradas. Roi Casal. Pai música
Para escoitar, cantar e gozar dun músico veciño.





Na punta do pé. Pesdelán.
Kalandraka.

Para bailar, con explicacións ben clariñas e CD con vídeos.

Adult@s

Árbores de Galiza. Varios autores.
A Nosa Terra.

Para descubrir en familia a riqueza e variedade das árbores da nosa terra, para viaxar sen saír da casa ou para preparar viaxes aproveitando o tempo de lecer.



Indignádevos! Stéphane Hessel
Faktoria K

Un veterán supervivente da barbarie nazi, se dirixe, aos seus 93 anos, á sociedade en xeral, e á mocidade en particular, para que reaccione ante a inxusta realidade social, económica, política e medioambiental que estamos a vivir.

www.blogoteca.com/bbs

Lectura e natureza

Un ano máis chegamos a finais de xuño e queremos deixarvos as nosas recomendacións de lecturas para o verán. Nesta ocasión, despois de *Mirar a pintura e ler o mundo* ao longo do curso, queremos que as nosas propostas teñan coma protagonista a natureza e, máis concretamente, o bosque. Porque o 2011 é o Ano Internacional dos Bosques, porque desde Educáldea traballamos ano tras ano por consolidar o noso compromiso co medio ambiente e porque o verán é tempo de gozar coa natureza e tamén coa lectura.

Boas vacacións e boas lecturas de verán!

Biblioteca Brea Segade

E no verán:
B.P.M. "Castelao"
-Rianxo-

Horario	Luns a venres	Sábado
Mañás	09:30-14:00	11:00-14:00

As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 23 e o 30 de xuño, en horario de mañá.

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE

Lectura e natureza




Ano Internacional dos bosques. 2011



Biblioteca Brea Segade

Xuño 2011

Primeir@s lector@s



Wangari y los árboles de la paz. Jeanette Winter. Ekaré

Neste conto coñeceredes a historia de Wangari Maathai que grazas ao seu traballo defendendo ás árbores en Kenia (África) recibiu o premio Nobel da Paz.

O canón do Sil. Pepe Carreiro. Os Bolechas. Guías de fin de semana. A Nosa Terra.

Recomendacións dos Bolechas para unha escapada de fin de semana aos Canóns do Sil. Primeiro título dunha colección de guías de viaxe para descubrir en familia algúns dos lugares máis fermosos e interesantes de Galicia.




Un cabalo de lume. Fina Casalderrey. Baía Edicións


O vello Paco e o seu bisneto están sós na casa vendo coma o lume arrasa con todo ao seu paso. O bisavó contalle ao neno unha historia que lle axuda a tranquilizarse.

No bosque. Anthony Browne. Kalandraka

Un neno que bota moito de menos ao seu pai que non está na casa, ten que ir a casa da súa avoa a levarlle un pastel e deberá escoller entre un camiño curto e outro longo para chegar ao seu destino. Coñeces algunha historia parecida?



Lector@s autónom@s




O home que plantaba árbores. Jean Giono. Galaxia.

Un libro que fala da xenerosidade humana sen límites, do respecto á natureza, da aposta pola vida e do amor á terra e a todo o que dela pode agromar.

Un lugar no bosque. Armando Quintero. Kalandraka

Para os que aínda cren que os lobos son malvados e perigosos, un libro de contos cos lobos coma protagonistas. Relatos para coñecelos mellor e perderlles o medo.



Coida o teu planeta. Jean Michel Billioud. Colección O meu mundo. Xerme SM


Se queres descubrir que podes facer ti para axudar a conservar o noso planeta, este é o teu libro. Comprobarás que a túa axuda é importante.

As fadas verdes. Agustín Fernández Paz. O barco de vapor. SM

Diana coñece nun verán no que o lume arrasou un piñeiral veciño a unha pequena fada, Goewin, que resultou ferida intentando apagar o lume. Coa axuda de Diana a fada recuperárase e a nena descubrirá os segredos do mundo das fadas do bosque.



Lector@s expert@s




Lobito detective forestal. Ian Whybrow. Barco de vapor. SM

Lobito e os seus amigos decidiron abrir a Axencia Ollosamarelos de Detectives Forestais. Van tras a pista do secuestrador da fantasma do tío Feroz. Deberán ter coidado se non queren caer baixo as gadoupas do perigoso estafador. Humor e misterio cun lobo coma protagonista.

Perigo vexetal. Ramón Caride. Xerais

Novela de aventuras ambientada no 2075 na que dous irmáns orfos descubrirán unha trama para facer desaparecer os cereais da terra e substituílos por unha nova planta froito dunha mutación xenética. Misterio e ciencia ficción con temática medioambiental.



As flores radioactivas. Agustín Fernández Paz. Xerais

Un resplandor misterioso, que procede dunhas manchas brancas, aparece no mar, non moi lonxe de Galicia. Isto provoca o comezo dunha investigación na que tamén tomará parte Alba, unha moza que axuda a un grupo ecoloxista. Unha novela baseada en feitos reais, imprescindible se che gusta o misterio.

Ronja, la hija del bandolero. Astrid Lindgren. Juventud

Ronja e Birk coñécense no bosque onde viven entre bandoleiros. Comparten os seus coñecementos sobre os perigos que representan as criaturas fantásticas do bosque e acaban sendo bos amigos. Pero as súas familias, enfrontadas durante anos, non aproban esta amizade e eles terán que a defender.

